

OBRADOIROS PARA O CURSO 2015-2016 NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CONXO, AS FONTIÑAS E MEIXONFRÍO-SALGUEIRIÑOS

CARACTERÍSTICAS

DESTINATARIOS: Nenos e nenas empadroados no Concello de Santiago de Compostela que cursen os seus estudos en centros de educación infantil e primaria, con idades comprendidas entre os 3 e os 8 anos (2º ciclo de educación infantil e 1º e 2º curso de educación primaria).

DATAS DE REALIZACIÓN: Os obradoiros desenvolveranse durante o curso escolar 2015-2016, de acordo co calendario escolar da Rede de Escolas Infantís Municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, e que pode consultarse en ditas escolas.

Os obradoiros en prol da conciliación familiar e laboral desenvolveranse coas seguintes modalidades, a escoller polos interesados:

- Obradoiros durante o curso escolar 2015-2016
- Obradoiros en vacacións escolares (nadal, entroido e semana santa)

HORARIOS:

- De 16:00 ás 20:00 h durante o curso escolar
- De 10:00 ás 14:00 h. en vacacións escolares. As familias poden ampliar este servizo co horario de almorzo (7.30 ás 10.00 h); comedor (de 14.00 ás 15.00 h) e horas a maiores.

NÚMERO DE PRAZAS: o número total de prazas é de 45, distribuías 15 prazas para cada escola:

- Escola Infantil Municipal de Conxo: 15 prazas
- Escola Infantil Municipal das Fontiñas: 15 prazas
- Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños: 15 prazas

LUGAR DE EXECUCIÓN: os obradoiros desenvolveranse nas propias escolas infantís de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños.

OBXECTIVOS

Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre, desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que os nenos/as se sensibilicen de forma divertida con diferentes disciplinas artísticas.
- Fomentar a curiosidade, as gañas de aprender e de descubrir novas aventuras.
- Desenvolver a autonomía persoal no día a día.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de lecer e tempo libre.

- Promover actividades que favorezan o traballo en equipo e a creatividade.

- Fomentar o compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.
- Coñecer o entorno que nos rodea.

TIPO DE OBRADOIROS

O programa contará con diferentes obradoiros de acordo coa proposta presentada por cada escola.

TARIFAS

MATRICULA (anual): 75 €	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS *
<ul style="list-style-type: none">• 2 TARDES : 55 € mes• 3 TARDES: 80 € mes• 4 TARDES: 105 € mes• 5 TARDES: 125€ mes• Día solto: 12 € día	<ul style="list-style-type: none">• COMEDOR: mes, 75 € e días soltos, 5 €• ALMORZO: mes 30 € e días soltos, 2 €• HORA A MAIORES: todo o mes, 15 € e días soltos, 3 €/h

Os servizos complementarios e os seus prezos foron aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 15-11-2004 (punto 54 da Orde do día, denominado proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á autorización de novos servizos na Escola infantil de Conxo).

SOLICITUDE DE OBRADOIROS

- As admisións realizaranse por **rigorosa orde de entrada no Rexistro municipal** ata cubrir as prazas dispoñibles en cada escola.
- Os solicitantes terán que cubrir a solicitude e entregala no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende, 4) ou no rexistro auxiliar do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal o Ensanche (Rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16).
- O impreso de solicitude estará dispoñible, xunto coa información complementaria, nas escolas infantís, no Departamento de Educación do Concello de Santiago e na páxina web municipal www.santiagodecompostela.org